

CO₂RUÑA



NÚMERO 12

EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
DO CONCELLO DA CORUÑA

BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
DA **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE**

CONCELLO DA CORUÑA

O CUME DO CLIMA CONTINÚA EN MARRAKECH

París, onde se logrou o primeiro acordo internacional sobre o cambio climático con carácter universal, viu como Marrakech tomaba a substitución na COP22.

A cidade marroquí afianzou os acordos que naceron na capital francesa.

O cume de Marrakech esperábase con temor. As datas da celebración do encontro eran posteriores á elección do novo presidente americano. A peor das noticias confirmouse. Atendendo ao expresado na campaña electoral, o ganador dos comicios de Estados Unidos é o peor para as políticas ambientais planetarias. Con todo, as nacións participantes en Marrakech asumiron que, independentemente da decisión do futuro mandatario da Casa Branca, a aposta decidida por deter o quentamento global non ten marcha atrás e que desta reunión sairía un novo e renovado compromiso global de acción. O acordo asinado di:



PROCLAMACIÓN DA ACCIÓN DE MARRAKECH

Nós, os Xefes de Estado, de Goberno e de Delegacións, reunidos en Marrakech, en chan africano, para o seguimento de alto nivel da 22ª reunión da Conferencia das Partes na Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático; a Conferencia das Partes en calidade de 12ª Reunión das Partes no Protocolo de Kyoto e a 1ª reunión da Conferencia das Partes en calidade de Reunión das Partes no Acordo de París, por graciosa invitación da súa Maxestade o Rei de Marruecos, Mohammed VI, emitimos esta proclamación para sinalar un cambio cara a unha nova era de aplicación e acción sobre o clima e o desenvolvemento sostible.

O noso clima estase quentando a un ritmo alarmante e sen precedentes, e temos un deber urxente de responder.

Acollemos con beneplácito o Acordo de París, adoptado no marco da Convención, a súa rápida entrada en vigor, cos seus ambiciosos obxectivos, o seu carácter inclusivo e o seu reflexo da equidade e as responsabilidades comúns pero diferenciadas e as respectivas capacidades, á luz das diferentes circunstancias nacionais, e afirmamos o noso compromiso para a súa completa implementación.

De feito, este ano, vimos un impulso extraordinario sobre o cambio climático en todo o mundo e en moitos foros multilaterais. Este impulso é irreversible: está sendo impulsado non só polos gobernos, senón tamén pola ciencia, os negocios e a acción global de todo tipo a todos os niveis.

A nosa tarefa agora é construír rapidamente sobre ese impulso, xuntos, avanzando co propósito de reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e fomentar os esforzos de adaptación, beneficiando e apoiando a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible e as súas Metas de Desenvolvemento Sostible.

Facemos un chamado ao máis alto compromiso político para combater o cambio climático, como unha prioridade urxente.



Apelamos a unha forte solidariedade cos países máis vulnerables aos impactos do cambio climático e subliñamos a necesidade de apoiar os esforzos encamiñados a mellorar a súa capacidade de adaptación, fortalecer a resiliencia e reducir a vulnerabilidade.

Facemos un chamamento a todas as Partes para que fortalezan e apoiem os esforzos para erradicar a pobreza, garantir a seguridade alimentaria e adoptar medidas estritas para facer fronte aos desafíos do cambio climático na agricultura.

Facemos un chamamento urxente para elevar a ambición e fortalecer a cooperación entre nós, co fin de pechar a brecha entre as actuais traxectorias das emisións e o camiño necesario para cumprir cos obxectivos de temperatura a longo prazo do Acordo de París.

Facemos unha chamada por incrementar o volume, o fluxo e o acceso ao financiamento para proxectos climáticos, xunto coa mellora da capacidade e a tecnoloxía, incluíndo desde os países desenvolvidos ata os países en desenvolvemento.

Nós, os países desenvolvidos, reafirmamos a nosa meta de mobilización de 100 mil millóns de dólares.

Nós, unanimemente, pedimos máis acción e apoio climático, moito antes de 2020, tendo en conta as necesidades específicas e as circunstancias especiais dos países en desenvolvemento, os países menos adiantados e aqueles particularmente vulnerables aos efectos adversos do cambio climático.

Nós, que somos Partes no Protocolo de Kyoto, fomentamos a ratificación da Enmenda de Doha.

Facemos un chamamento colectivo a todos os actores non estatais para que se unan a nós nunha acción e mobilización ambiciosas e inmediatas, baseándonos nos seus importantes logros, tendo presentes as numerosas iniciativas e a Alianza de Marrakech para a Acción Global contra o Clima, lanzada en Marrakech.

A transición nas nosas economías, necesaria para alcanzar os obxectivos do Acordo de París, proporciona unha oportunidade positiva substancial para aumentar a prosperidade e o desenvolvemento sostible.

A Conferencia de Marrakech marca un importante punto de inflexión no noso compromiso de reunir a toda a comunidade internacional para abordar un dos maiores retos do noso tempo.

A medida que avanzamos cara á implementación e a acción, reiteramos a nosa determinación de inspirar solidariedade, esperanza e oportunidade para as xeracións actuais e futuras.

QUE FUTURO LLES ESPERA AOS NOSOS PARQUES?

As xornadas de Biodiversidade e Deseño Urbano que se celebraron no Quiosco Alfonso trataron sobre este e outros aspectos do urbanismo sustentable.

Nestas xornadas, con afluencia de especialistas e persoas interesadas, abertas ao público, a concelleira de medio ambiente expuxo algúns eixos das políticas do seu departamento que perseguen nun futuro próximo, por exemplo coa nova licitación de parques e xardíns, “unha xestión duradeira das zonas verdes con criterios ecolóxicos”. Tamén entre os proxectos inmediatos, expúxose aos asistentes o plan de expansión do arboredo cun estudo “idóneo” que evite malas localizacións que causen problemas coa veciñanza.

Outro dos aspectos tocados por María García foi o traballo que se desenvolve desde a concellería para a eliminación de verteduras irregulares. Afirmou que o 80% dos casos de verteduras irregulares están xa solucionados, restando neste momento tres que ocupan de maneira prioritaria á súa área: o do campus de Elviña, o do edificio de Novos Ministerios e o da rúa Brasil. Trabállase no regacho dos Xudeus e os da Pasaxe, que finalizarán en paralelo ao desmantelamento do asentamento chabolista e a dignificación da zona.

Xornadas de Biodiversidade e Deseño Urbano
A CORUÑA + NATURAL
Kiosco Alfonso
Xardíns de Méndez Núñez (A Coruña)
17 de novembro de 2016
Inscripcións en www.coruna.es

organiza:
CEIDA
LICHA
SEI

colabora:
CEIDA
LICHA
SEI

10:45 - 11:45h. Bloque I: Marco Xeral
Unha visión socioeconómica das cidades urbanas.
D. Carlos Vales, Director de CEIDA e Vicepresidente de Comité Español de UICN

12:15 - 14:00h. Bloque II: Experiencias en grandes cidades
D. José María González de Sotomayor, Concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Coruña
D. Margarita Peris, Arta do Programa de Biodiversidade do Concello de Barcelona
D. Carlos Vales, Director de CEIDA e Vicepresidente de Comité Español de UICN

16:30 - 17:30h. Bloque III: Oportunidades no Concello da Coruña
D. María García, Concelleira de Medio Ambiente do Concello da Coruña
D. Santiago Vázquez, Presidente do Grupo Naturalista Habitual

Xornadas de Biodiversidade e Deseño Urbano
A CORUÑA + NATURAL
Kiosco Alfonso
Xardíns de Méndez Núñez (A Coruña)
17 de novembro de 2016
Inscripcións en www.coruna.gal

organiza:
CEIDA
LICHA
SEI

colabora:
CEIDA
LICHA
SEI

9:30 h. Inauguración
D. Xosé Fariña, Alcalde do Concello de Coruña.
Dña. María García, Concelleira de Medio Ambiente do Concello de Coruña.
D. Carlos Vales, Director de CEIDA.
D. Felipe González e Ignacio G. Fernández, Vicepresidentes de Comité Español de UICN

10:00 h. Conferencia inaugural
A importancia de conservar a Biodiversidade.
D. Carlos Vales, Director de CEIDA e Vicepresidente de Comité Español de UICN

10:45 - 11:45h. Bloque I: Marco Xeral
Módulo:
D. Jorge Blanco, Xefe de Servizo de Servizos Marítimos Costeiros e Terras de Marisqueiros do Concello de Coruña.
D. David Alza Ribalago, Laboratorio de Socioeconómicas da Universidade Autónoma de Madrid.
Xarxina, Espazos para a Biodiversidade.
D. Felipe González e Ignacio G. Fernández, Delegación Territorial de Cantabria, SEO/BirdLife

12:15 - 14:00h. Bloque II: Experiencias en grandes cidades
Módulo:
D. José María González de Sotomayor, Concelleiro de Medio Ambiente do Concello de Coruña
Plan de Verde e de Biodiversidade de Barcelona 2020.
Dña. Margarita Peris, Arta do Programa de Biodiversidade do Concello de Barcelona
O rollo para a Conservación da Biodiversidade no Concello de Vilanova-Gaizta: estratexia local e as súas implicacións.
D. Luis Lobo, Unidade de Área Verde e Biodiversidade, Concello de Vilanova-Gaizta.
Estratexia para a Conservación da Biodiversidade no Concello de Santander.
Dña. Begoña González-Fernández, Vila, Directora Xeral de Medio Ambiente do Concello de Santander

16:30 - 17:30h. Bloque III: Oportunidades no Concello da Coruña
Módulo e estratexia local no Concello de Coruña.
Dña. María García, Concelleira de Medio Ambiente do Concello da Coruña
Alíxas de Biodiversidade na Coruña.
D. Santiago Vázquez, Presidente do Grupo Naturalista Habitual

17:30 - 20:00 Taller:

AS PLANTAS INVASORAS: UN PROBLEMA QUE SE ESTENDE

Replantar e controlar as zonas onde se retiran as plantas invasoras é a única solución a este crecente problema.

Os novos contratos municipais de limpeza viaria e mantemento de parques e xardíns, a partir do próximo verán irán acompañados dun plan de restauración das zonas invadidas e dun seguimento periódico do estado da área na que se interveu. Esta parece a única solución para evitar a reprodución de sementes de tipo invasor, cun control e seguimento que impidan os rápidos rebrotes en zonas liberadas.

O Grupo Naturalista Hábitat e o profesor de Botánica da Facultade de Ciencias Jaime Fagúndez propuxeron que, no marco municipal de actuacións para eliminar as especies exóticas invasoras en solares, leiras e parques da cidade, serían necesarias actuacións moi determinadas. Ao seu xuízo, para a súa erradicación deberán terse en conta plans que teñan continuidade en vindeiros anos para acadar así a completa retirada das adventicias.

Andrés Pereira, de Hábitat, propuxo ademais analizar os problemas que produce cada especie invasora para utilizar unha metodoloxía específica para cada unha. A ordenanza que prevé crear o Goberno local recollerá as épocas do ano nas que se farán intervencións, os protocolos e as persoas responsables dos traballos.



Herba da pampa

Arctotheca



Flor de coitelo

O FUTURO DOS RESIDUOS

Neste mes de decembro, a Concellería de Medio Ambiente puxo en marcha a campaña "noseusitio", co fin de informar e implicar á cidadanía na separación de residuos, tanto nas súas casas como nos seus traballos e na súa vida diaria.

Esta campaña de sensibilización lévase a cabo nos barrios e nos mercados municipais e concrétese en varias accións, como puntos de información, montaxes e actividades específicas sobre a recollida de aceite doméstico.

O Concello ten un convenio co colectivo Mulleres Colleiteiras co que se poñen en marcha diferentes accións como a colocación de colectores de recollida de aceite na contorna dos mercados municipais e dos centros cívicos. Os veciños e veciñas poden depositar os residuos de aceite vexetal xerados nos seus fogares (non os derivados de automóbiles), que logo serán recollidos polo colectivo Mulleres Colleiteiras, que os contabilizará e transportará posteriormente ao xestor autorizado para o tratamento da súa xestión. Ademais repártense folletos informativos e embudes para aceite, que se distribúen tanto na rúa, como nos mercados e nas instalacións municipais.

A concelleira María García insistiu en que a correcta separación e recollida de residuos favorece tanto á riqueza ambiental da cidade, como tamén a súa economía, e destacou que a intención do Concello é que A Coruña volva recuperar esa posición de liderado no que incumbe á separación e aproveitamento de residuos.

**Para saber
máis**



ORGÁNICOS



INVORGÁNICOS

Ademais:



VIDRO



PAPEL E
CARTÓN

A SUPERLUNA DO MES DE NOVEMBRO FÍXONOS MIRAR AO CEO

Un fenómeno que non se volverá a repetir ata o ano 2034 tivo a moitos coruñeses mirando ao ceo o día 14 de novembro (e os previos e posteriores á data) cando a lúa brillou un 30% máis e foi un 14% maior.

Non é frecuente que un ceo tan despexado permítanos ver a lúa en datas invernaís na nosa cidade. Pero esta vez, os astros aliñáronse e esta proximidade inédita desde hai 68 anos permitiu que o noso satélite ofrecese estampas únicas. Tan só separáronnos da Lúa 356.500 quilómetros. Esta distancia, a dicir dos expertos pequena, bastou para que os cidadáns que se achegaron a contemplala desde o Paseo, o Parque de San Diego, Santa Margarita, o Porto ou Oza... reflexionasen acerca do magnífico que é observar o ceo e o gran problema que supón nas cidades a contaminación lumínica. A asociación Ío dedica precisamente unha exposición no Fórum Metropolitano do Parque Europa a esta inxerencia: o abuso das nosas luces e o efecto de amplificación na atmosfera privándonos do gozar do ceo nocturno.




Ilustración: Gabriel Pérez Díaz, SMM (IAC). Fonte: Fred Espenak @ astropixels.com

UN 2016 CHEO DE ACTIVIDADES AMBIENTAIS

Rematamos un ano cheo de actividades de divulgación e educación ambiental e o 2017 non vai ser menos!

O noso principal obxectivo sempre é que a mensaxe da sustentabilidade chegue ao conxunto da sociedade, e para iso ofertamos un completo programa de actividades de moi diversa natureza.

No ámbito escolar, o Concello dispón do **Programa de Educación Ambiental**, no que este ano participaron arredor de 6.000 escolares de tódalas idades. Inclúe diferentes Programas relacionados con temas ambientais como o uso da auga, a biodiversidade, o cambio climático ou a problemática dos residuos.

As celebracións dos **Días sinalados** foron oportunidades para celebrar o noso compromiso co planeta. Este ano conmemoramos os seguintes:

- Día da Educación Ambiental en xaneiro.
- Día dos Humidais en febreiro.
- Día da Auga, Día dos Bosques e a Hora do Planeta en marzo.
- Día da Nai Terra e Día da Conciencia fronte o Ruído en abril.
- Día do Medio Ambiente, Semana das Enerxías, Día dos Océanos e Día Internacional da Diversidade Biolóxica en xuño.

Co programa de **Visitas guiadas, Rutas e Observación** visitamos, ao longo de todo o ano, os principais espazos naturais e infraestruturas ambientais de titularidade municipal, dirixidas tanto aos propios centros educativos como ao conxunto da cidadanía.

Durante a época estival, fixéronse **Actividades nas Praias** coruñesas, con contido educativo e destinadas a tódolos públicos. Mediante diferentes dinámicas e con materiais exhibidos e destinados ao xogo, pequenos e maiores comprenderon temas como a problemática das pesqueiras, a subida do nivel do mar ou a afectación das praias como consecuencia dos vertidos de residuos.



Durante este ano a biodiversidade da nosa cidade e o cambio climático foron o eixo principal en torno ao que xiraron moitas das **Xornadas, Cursos e Talleres** ambientais destinados a toda a cidadanía.

As **Exposicións** con temática ambiental foron postas á disposición das diferentes entidades da cidade con carácter gratuito. Xunto coa nova exposición sobre o Cambio Climático seguiu expoñendo a de Fauna Alada.



O noso propósito para o 2017 é que máis nenas e nenos da nosa cidade sexan destinatarios dos nosos programas de medio ambiente, que máis adultos soliciten visitas, charlas, xornadas ou seminarios relacionados cos aspectos máis relevantes da sustentabilidade. Se a ocasión o merece, se podemos obter unha experiencia enriquecedora, se ten valor educativo, demostrativo ou os seus destinatarios precisan dunha colaboración maior que a que poden alcanzar coas súas soas forzas, a Concellería está para axudar. E sabemos que o medio ambiente non coñece fronteiras polo que, desde o ámbito da nosa responsabilidade non pechamos as portas para realizar actividades mesmo fóra do noso límite municipal.

Non podemos terminar o último boletín do ano sen os mellores desexos para as festas e o ano novo!. Son datas de moito consumo: agasallos, gastronomía, reunións con familiares... É importante o procurar, tamén nestes días, ter hábitos de consumo sustentables e contidos. A felicidade destes días é compartir cos nosos sen que teña que supoñer un malgaste, non vos parece?

Programas de EDUCACIÓN AMBIENTAL CONCELLO DA CORUÑA

- ▶ EDUCACIÓN AMBIENTAL PARA ESCOLARES
- ▶ VISITAS GUIADAS E RUTAS NATURAIS
- ▶ ACTIVIDADES EN PRAIAS
- ▶ CURSOS, TALLERES E XORNADAS
- ▶ CELEBRACIÓN DE DÍAS SINALADOS
- ▶ EXPOSICIÓN AMBIENTAIS

Consulta na web todas as
posibilidades e non dubides
en poñerte en contacto
connosco!



educacionambiental@coruna.es

Ou no teléfono **981 90 38 34**





**CORUÑA
VIVA**

CO₂RUÑA

www.coruna.es/medioambiente

síguenos en:



C02Coruña



@C02Coruna

@airecoruna

@CorunaSostible

Para más información sobre os
Programas de Educación Ambiental

981 903 834
educacionambiental@coruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
MEDIO AMBIENTE

